



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DO PRACTICUM DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZA DE IDIOMAS

Santiago de Compostela [data/sinatura dixital]

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, de 6 de setembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 130/2020, de 17 de setembro (DOG nº 190, do 18 de setembro), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Doutra parte, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo, en nome e representación dela en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 59/2018, do 31 de maio (DOG nº109, do 8 de xuño de 2018) no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, e o artigo 29 dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro (DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019).

Ambas as partes recoñécense plena capacidade e lexitimación bastante para a formalización do presente convenio e aos efectos

EXPOÑEN





De conformidade co artigo 100.2 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, para exercer a docencia nas diferentes ensinanzas, será necesario que o profesorado estea en posesión das titulacións académicas correspondentes e da formación pedagóxica e didáctica que o Goberno estableza para cada ensinanza. Así mesmo, no punto terceiro do mesmo artigo dispónse que corresponde ás administracións educativas establecer os convenios oportunos coas universidades para a organización da formación pedagóxica e didáctica referida no punto anterior.

O Real Decreto 1834/2008, de 8 de novembro, define as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial e establece as especializacións dos corpos docentes de ensino secundario. Así mesmo, determina a validez dos títulos universitarios oficiais de máster que acreditan a formación pedagóxica e didáctica esixida pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. En concreto, especificase que será necesario que o profesorado estea en posesión dun título oficial de máster, ao que se refire o Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, que acredite a formación pedagóxica e didáctica conforme aos requisitos do Acordo do Consejo de Ministros de 14 de decembro de 2007 e que teña sido verificado de acordo coa Orde ECI/3858/2007, de 27 de decembro.

O Plano de Estudos do Master Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas da Universidade de Santiago de Compostela foi verificado positivamente polo Consejo de Universidades o 22 de xuño de 2009, sendo autorizada a súa implantación polo Decreto 434/2009, do 3 de decembro, polo que se autoriza a implantación de estudos universitarios oficiais de posgrao nas Universidades do Sistema Universitario de Galicia e conta coa renovación de acreditación mediante resolución do Consejo de Universidades do 15 de outubro de 2019.

O Plano de Estudos do Master Universitario de Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas da Universidade de Vigo foi verificado positivamente polo Consejo de Universidades o 6 de xullo de 2009, sendo autorizada a súa implantación polo Decreto 434/2009, do 3 de decembro, polo que se autoriza a implantación de estudos universitarios oficiais de posgrao nas Universidades do Sistema Universitario de Galicia e conta coa renovación de acreditación mediante resolución do Consejo de Universidades do 8 de xullo de 2015.

Mediante Orde do 18 de abril de 2011 estableceuse o procedemento para acreditar centros





e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Enseñanzas de Idiomas na Comunidade Autónoma de Galicia. Nos artigos 2, 3 e 4 da citada orde descríbense os procedementos de regulamentación de centros de prácticas, persoas titoras de prácticas e as persoas coordinadoras das mesmas. Así mesmo, no artigo 10 prevese a actualización anual dos centros acreditados, mediante a publicación da correspondente resolución.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades tal e como se lle atribúen no Estatuto de Autonomía de Galicia e se especifica no Decreto 198/2020, de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A Universidade de Vigo é unha institución pública, dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, que asume as súas funcións como servizo público, gozando de autonomía con ese fin, no marco da Constitución e das leis.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Vigo, conscientes da especificidade do devandito Máster e da súa importancia estratéxica para o sistema educativo galego, recoñecen a necesidade de colaborar para contribuír á formación integral e práctica do alumnado universitario desta titulación, en concreto na fase de Prácticum na que o alumnado iníciase na práctica docente directa e na orientación psicopedagóxica, coñecendo ademais os aspectos pedagóxicos, organizativos e de funcionamento dos centros co apoio e baixo a tutela de profesorado en exercicio que reúne as características e preparación axeitadas.

Neste marco, ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración para a realización do Practicum dos estudos conducentes ao título oficial que habilita para o exercicio das profesións de Profesor de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Enseñanzas de Idiomas, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio





Constitúe o obxecto deste convenio a regulación da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Vigo para a realización do Practicum do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas pola Universidade de Vigo.

Segunda. Oferta de prazas

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, previa proposta da universidade, autorizará anualmente o número de prazas a ofertar, tendo en conta as plantillas actuais do profesorado, as previsións de crecemento da poboación escolarizada, de xubilación de docentes, e a demanda de aspirantes para cursar o Máster, que quedou reflectida na preinscrición.

A consellería garantirá, a través dos centros educativos non universitarios sostidos con fondos públicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, nos que se impartan ditas ensinanzas, prácticas para 280 alumnos e alumnas da Universidade de Vigo das especialidades correspondentes do Máster, tal e como se detalla a continuación de xeito orientador:

Especialidades do Máster	prazas
Ciencias Experimentais, Matemáticas, Tecnoloxía, Educación Física	80
Ciencias Sociais e Humanidades	40
Formación Profesional	60
Linguas e Literaturas	60
Artes	20
Orientación	20
Total:	280

Para proceder á modificación da distribución proposta será necesario o acordo da Comisión de seguimento á que se fai referencia na cláusula oitava do presente convenio.

En todo caso a redistribución do número de alumnos/as e especialidades deberá realizarse tendo en conta a oferta global das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) de xeito que quede asegurada a impartición da totalidade de especialidades no sistema en cada curso académico de vixencia do convenio.

Terceira. Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade





A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a:

a) seleccionar un número suficiente de centros públicos ou concertados receptores do alumnado do Practicum así como un número de titores/as e coordinadores/as de prácticas suficientes para atender a súa formación práctica a través das prescricións recollidas neste convenio, aplicando os procedementos establecidos na Orde do 18 de abril de 2011

b) actualizar anualmente a acreditación de centros e persoas coordinadoras e titoras para o correcto desenvolvemento do Prácticum por parte do alumnado do Máster.

Cuarta. Obrigas da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo comprométese a:

a) asumir, con cargo aos ingresos procedentes da matrícula e outros, os custes derivados da realización do Prácticum, en concreto, o pagamento ás persoas profesores/as-titores/as e coordinadores/as que participen no seu desenvolvemento.

b) acordar cos/coas coordinadores/as e os/as titores/as, as condicións de participación para o desenvolvemento do Prácticum e o recoñecemento da mesma, segundo o establecido no plano de estudos da titulación. A dita participación estará comprometida a asegurar as competencias profesionais que deben adquirir os/as estudantes.

c) requirir ao alumnado do Practicum a certificación esixida ao abeiro do establecido no artigo 13 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuízamento civil, na redacción introducida pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Quinta. Recoñecementos ás persoas titoras e coordinadoras e aos centros de prácticas

Os/as titores/as e coordinadores/as de prácticas recibirán o seu correspondente nomeamento e unha certificación expedidos pola universidade coa sinatura do Reitor.

Así mesmo a Consellería de Cultura, Educación e Universidade recoñecerá as tarefas realizadas polos/as titores/as, coordinadores/as e centros de prácticas nas convocatorias que se determinen.

Sexta. Estudantes en prácticas





Os dereitos e deberes do estudantado en prácticas serán os establecidos no Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudantado universitario e na normativa propia da universidade.

Dado o carácter formativo do Prácticum, da súa realización non se derivarán en ningún caso, obrigas propias dunha relación laboral, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación propia dos postos de traballo.

Sétima. Seguro para o alumnado de prácticas

Segundo o Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización da Seguridade Social, as prácticas en empresas que realicen os/as estudantes estarán cubertas polo seguro escolar, sempre que o alumnado estea matriculado e ao corrente do pagamento do citado seguro.

A Universidade de Vigo ten subscrito, a maiores, un seguro de responsabilidade civil e outro de accidentes, complementarios ao seguro escolar.

A inclusión no réxime xeral da Seguridade Social dos/as estudantes que realicen prácticas académicas externas rexerase polo establecido no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, e polo desenvolvemento normativo establecido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Oitava. Comisión de seguimento

Para garantir a correcta execución e o seguimento do establecido no presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento que estará constituída por unha representación paritaria de cada unha das partes implicadas:

- a) Pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade: o secretario xeral de Educación e Formación Profesional; o director xeral de Centros e Recursos Humanos e o secretario xeral de Universidades, ou persoas en quen deleguen.
- b) Pola Universidade de Vigo: tres membros designados polo reitor.





Esta Comisión de Seguimento terá asignadas, ademais, as seguintes funcións:

- Facer o seguimento e apoio ao desenvolvemento das prácticas.
- Modificar, no seu caso, a distribución das prazas ofertadas por especialidade.
- Resolver cantas cuestións puidesen suscitarse en relación co desenvolvemento das prácticas.

Novena. Protección de datos e confidencialidade

As partes asinantes deste convenio comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décima. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006 do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, as partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Undécima. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa rexéndose, en primeiro lugar, polas cláusulas que se establecen no mesmo e, no seu defecto, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público e está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, en virtude do disposto no seu artigo 6.1.

Das cuestións litixiosas que puideran xurdir sobre a súa interpretación, cumprimento, extinción, resolución e efectos, serán competentes os tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da





devandita xurisdición.

Sen prexuízo do anterior, as partes comprométense á resolución amigable das discrepancias que puideran xurdir respecto da interpretación, modificación, resolución e cumprimento do presente convenio, que serán resoltas pola Comisión de Seguimento.

O presente convenio poderá ser denunciado pola parte que considere vulnerado o espírito do mesmo por incumprimento dalgunha das súas cláusulas. A denuncia deberá efectuarse comunicándolle á outra parte, mediante escrito fundado e cunha antelación mínima dun ano.

Duodécima. Normativa aplicable supletoria

Ao presente convenio seralle aplicable subsidiariamente a seguinte normativa:

- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público
- Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais
- Normativa de prácticas académicas externas da universidade asinante
- Normativa do Plan de estudos da titulación
- Real Decreto 592/2014, de 11 xullo, polo que se regulan as prácticas académicas dos estudantes universitarios.
- Orde do 18 de abril de 2011 pola que se establece o procedemento para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do practicum correspondente ao máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Décimo terceira. Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio:

- o mutuo acordo das partes
- o incumprimento total ou parcial das estipulacións do mesmo, previa reunión da Comisión de Seguimento
- a denuncia de calquera das partes asinantes cun aviso previo expreso dun ano.

Décimo cuarta. Vixencia

O Convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e a súa vixencia poderá prorrogarse, de común acordo polas partes, e sempre dentro do límite máximo de catro anos adicionais, ao abeiro do estipulado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e en tanto non se





denuncie expresamente como mínimo cun ano de antelación. En todo caso, non se poderá rescindir mentres existan estudantes realizando prácticas.

As prórrogas, que en todo caso deberán ser expresas, tramitaranse como addenda ao convenio de colaboración para cada un dos sucesivos cursos académicos, e nelas especificarase o número de prazas ofertadas distribuídas por especialidades, nos termos establecidos na cláusula segunda deste convenio.

Lido polas partes e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínanos dixitalmente.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo

